



## **Acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008 polo que resolve a primeira convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural (GDR) no marco do programa Leader Galiza 2007-2013**

Examinado o procedemento correspondente á primeira convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural (GDR) no marco do programa Leader Galiza 2007-2013, de acordo coas bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008 (DOG nº 115, do 16 de xuño), tivéronse en conta os seguintes feitos e fundamentos xurídicos:

### **Feitos**

**Primeiro.** Todas as candidaturas se presentaron dentro do prazo sinalado no apartado 2 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008, que rematou o 16 de setembro de 2008.

**Segundo.**- O día 17 de decembro de 2008 reuniuse a Comisión de Selección prevista na base reguladora X (Procedemento de selección) e formuloulle a proposta de resolución, adoptada por unanimidade, ao Consello de Dirección de Agader. Da dita proposta foi informado o 23 de decembro de 2008 o Consello Asesor de Agader.

### **Fundamentos xurídicos**

**Primeiro.**- As bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galiza 2007-2013, cofinanciado con Feader, así como a correspondente convocatoria do proceso de selección, foron aprobadas polo Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008. De acordo co epígrafe X (Procedemento de selección) das bases reguladoras, a resolución do procedemento de selección correspóndelle ao Consello de Dirección de Agader, despois de que a Comisión de Selección valore os programas de desenvolvemento rural e faga a súa proposta de resolución.

**Segundo.**- O 17 de decembro de 2008 a Comisión de Selección fixo a súa proposta de resolución, segundo consta na certificación do 18 de decembro de 2008 sobre o contido da acta da reunión da citada comisión.

**Terceiro.**- O proceso de selección determinou que as contías asignadas para a execución dos programas seleccionados sexan inferiores ás solicitadas nas candidaturas. Por esta razón será necesario reaxustar os programas para axeitalos á asignación orzamentaria, de modo que non queden desvirtuados nos rasgos esenciais, posto que o citado reaxuste non debe utilizarse para eludir os elementos básicos do programa que o fixeron merecedor da súa selección. Por outra banda, debe terse en conta que os programas presentados poden ter contidos que, aínda que non impidan a súa selección, poden non



axustarse na súa totalidade ás bases reguladoras, polo que deberán facerse as adaptacións pertinentes.

**Cuarto.-** No epígrafe VI (Programas de desenvolvemento rural) das bases reguladoras prevese que os programas cumpran unha serie de regras xerais, se ben Agader pode excepcionalmente nalgúns casos a aplicación das ditas regras. Trátase das seguintes:

1.- O 25% dos fondos públicos deben destinarse á medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal), o 5% á medida 412 (Mellora ambiental e do contorno rural) e o 70% á medida 413 (Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida), se ben Agader poderá autorizar variacións nas ditas porcentaxes entre GDR de até 10 puntos porcentuais, en atención ás características das estratexias.

2.- Como máximo destinarase a proxectos non produtivos o 25% dos fondos públicos asignados a cada estratexia, se ben Agader poderá autorizar variacións nesa porcentaxe até alcanzar o 35%, en función das características do territorio e sempre que queden plenamente xustificadas na estratexia.

3.- As prioridades previstas nas bases reguladoras para os proxectos non produtivos poderán variarse coa aprobación de Agader, en función da súa xustificación e adaptación ás prioridades do PDR de Galicia 2007-2013.

Tendo en conta o que antecede, e de conformidade coas bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galiza 2007-2013, aprobadas polo Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008, así como coa proposta de resolución formulada o 17 de decembro pola Comisión de Selección, o Consello de Dirección de Agader

#### RESOLVE:

1.- Declarar excluídos da selección os programas correspondentes aos territorios dos GDR 9, 23 e 25 e, consecuentemente, as asociacións que presentaron as candidaturas, de acordo co previsto na base reguladora V (Ámbito territorial), por terse presentado dúas candidaturas en relación a cada un dos territorios sinalados.

2.- Seleccionar os 28 programas de desenvolvemento rural presentados como candidatura única e, consecuentemente, recoñecer como GDR as asociacións que os presentaron, de conformidade coa información contida nos anexos I, II, III e IV da acta da Comisión de Selección.

3.- Asignar fondos a cada unha das 28 candidaturas seleccionadas segundo os criterios establecidos na base reguladora VII (Financiamento dos programas de desenvolvemento rural), aplicando o seguinte procedemento de cálculo:

- Pártese de asignar unha contía fixa por GDR de 1 millón de euros.
- Para distribuír os fondos restantes séguese unha secuencia en tres etapas:
  - o Na primeira etapa realízase unha asignación inicial de fondos aos diferentes GDR en función do peso de cada un no total da superficie e da



poboación elexíbel de Galicia, ponderándoos en 35% e 65% respectivamente.

- Esta primeira asignación é correxida tendo en conta a porcentaxe de poboación e de superficie en concellos non incluídos en grupos de acción costeira (GAC).
- Finalmente, as cantidades resultantes da etapa anterior corríxense en función da puntuación obtida por cada GDR de acordo aos criterios previstos nas bases da convocatoria (territorio, GDR e programa); de xeito que os GDR cunha puntuación inferior á media ven minorada a súa asignación, e eses fondos son redistribuídos en favor dos GDR cunha puntuación superior á media.

O resultado final resúmese no seguinte cadro:

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL	ÁMBITO TERRITORIAL	PUNTUACIÓN TOTAL	DOTACIÓN TEÓRICA (incluída a parte proporcional da reserva de eficacia)	FONDOS ASIGNADOS EN FIRME
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA	GDR-01	56,56	4.585.557 €	3.614.428 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA	GDR-02	69,27	6.813.513 €	5.370.547 €
ASOCIACIÓN MONTES E VALES	GDR-03	75,83	4.273.025 €	3.368.084 €
ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO	GDR-04	53,57	3.698.744 €	2.915.424 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES COUREL	GDR-05	82,18	4.828.006 €	3.805.531 €
ASOCIACIÓN OS SETE CASTROS	GDR-06	68,22	3.850.112 €	3.034.735 €
ASOCIACIÓN MIÑO-ULLA	GDR-07	75,61	4.902.226 €	3.864.033 €
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA	GDR-08	77,73	6.595.910 €	5.199.028 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE	GDR-10	53,77	3.309.630 €	2.608.717 €
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA	GDR-11	75,33	4.239.960 €	3.342.021 €
ASOCIACIÓN GDR VALDEORRAS	GDR-12	58,51	3.585.388 €	2.826.075 €
ASOCIACIÓN MONTEVAL	GDR-13	66,06	4.701.020 €	3.705.438 €
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA LIMIA	GDR-14	66,33	3.279.113 €	2.584.662 €
ASOCIACIÓN AVINZA GDR 15	GDR-15	72,12	3.336.556 €	2.629.940 €
ASOCIACIÓN O VIEIRO	GDR-16	71,09	4.608.607 €	3.632.596 €



ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL CONDADO PARADANTA	GDR-17	68,68	5.385.959 €	4.245.321 €
ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL-MAIV-BAIXO MIÑO	GDR-18	44,58	6.742.857 €	5.314.855 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA - MORRAZO	GDR-19	56,21	5.368.186 €	4.231.311 €
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA-UMIA-LÉREZ	GDR-20	65,63	5.499.851 €	4.335.092 €
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL SALNES 21	GDR-21	49,94	2.951.755 €	2.326.632 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DO DEZA	GDR-22	71,19	5.693.015 €	4.487.348 €
ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA	GDR-24	46,56	4.975.557 €	3.921.833 €
ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE GDR	GDR-26	68,27	4.542.649 €	3.580.607 €
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS	GDR-27	58,76	3.921.352 €	3.090.888 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES	GDR-28	65,79	4.123.528 €	3.250.247 €
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS	GDR-29	52,37	5.187.263 €	4.088.704 €
ASOCIACIÓN EUROEUME	GDR-30	62,75	3.454.796 €	2.723.139 €
ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE	GDR-31	61,02	4.567.202 €	3.599.960 €
<b>TOTAL GDR PRIMEIRA CONVOCATORIA</b>			<b>129.021.336 €</b>	<b>101.697.197 €</b>
<b>FONDOS PARA A 2ª CONVOCATORIA</b>			<b>13.825.399 €</b>	

Os fondos asignados satisfaranse con cargo ás contas orzamentarias 01/01 01/41/10 656800 e 01/01 01/43/10 656800. Dos fondos asignados o 57,56% corresponde á cofinanciación FEADER, o 21,4191% á cofinanciación da Administración Xeral do Estado e o 21,0209% á cofinanciación da Xunta de Galicia.

Dado que a contía asignada a cada programa de desenvolvemento rural é inferior á solicitada, antes da sinatura dos convenios previstos no epígrafe XI (Convenio) das bases reguladoras os GDR deberán reaxustar os respectivos programas, sen desvirtuar os elementos básicos do programa presentado, aos fondos públicos asignados e ás esixencias técnicas previstas na normativa aplicable. En relación a este aspecto, delégase no director xeral de Agader a autorización deses reaxustes.



A selección de programas e de GDR non implica que sexan subvencionables todas as actuacións previstas nos programas presentados. No caso de discrepancia dos programas coas regras contidas nas bases reguladoras estas son de aplicación preferente e os GDR deberán facer as correccións axeitadas nos programas.

En relación á porcentaxe dos fondos públicos que deben destinarse ás medidas 411, 412 e 413 no epígrafe VI (Programas de desenvolvemento rural) das bases reguladoras, Agader autoriza as porcentaxes propostas por cada un dos 28 grupos seleccionados para cada unha das medidas, tendo en conta as características das estratexias e que as cifras así resultantes para o conxunto do programa de Galicia apenas supoñen variación respecto das cifras globais previstas. Aínda así, dado que no proceso de axuste das estratexias aos fondos recibidos os GDR poden estimar oportuno introducir variacións nas porcentaxes asignadas por medidas respecto do solicitado inicialmente, facúltase ao Director Xeral de Agader para que autorice esas variacións, sempre que non desvirtúen os elementos básicos do programa presentado.

En canto ao incremento sobre o 25% dos fondos públicos asignados a cada estratexia destinados a proxectos non produtivos, Agader, tendo en conta as características do territorio e as xustificacións achegadas, e mantendo así mesmo o obxectivo de que no conxunto do programa Leader de Galicia a porcentaxe de fondos asignados a proxectos non produtivos se manteña arredor do 25% do total de fondos públicos das estratexias, establece o seguinte:

- Autoriza as porcentaxes propostas polos GDR cuxa solicitude non supera o 30%.
- Nos GDR que fan unha solicitude por riba do 30%, autoriza o 30% para aqueles grupos que non chegan aos 30 puntos do baremo nos criterios referidos ao territorio de actuación, e autoriza o 33% para aqueles grupos que superan os 30 puntos do baremo nos criterios referidos ao territorio de actuación, segundo o seguinte cadro:

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL	AMBITO TERRITORIAL	% NON PRODUTIVOS AUTORIZADO
ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO	GDR-04	30,0%
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES COUREL	GDR-05	33,0%
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA	GDR-08	33,0%
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA LIMIA	GDR-14	33,0%
ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE GDR	GDR-26	30,0%
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS	GDR-27	30,0%
ASOCIACIÓN EUROEUME	GDR-30	30,0%

Respecto das prioridades previstas nas bases reguladoras para os proxectos non produtivos, para aqueles GDR que solicitan incorporar tipoloxías de proxectos non



produtivos nos respectivos grupos de priorización distintos dos propostos por Agader, déixase pendente dita autorización. No proceso de axuste das estratexias aos fondos recibidos os GDR poden estimar oportuno introducir variacións respecto do solicitado inicialmente, polo que se faculta ao Director Xeral de Agader para que autorice finalmente as tipoloxías de proxectos non produtivos a incluír en cada un dos grupos de priorización, cumprindo, en calquera caso, que o número de tipoloxías de proxectos non produtivos incluídas en cada grupo de priorización sexa equivalente ao proposto nas bases reguladoras.

Contra esta resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante do Consello de Dirección de Agader, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación, ou recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.